O persoal do departamento de Cultura ou Xuventude será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

H) SISTEMA DE TRATAMENTO: mixto

I) NIVEL DE PROTECCIÓN:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

**FICHEIRO CONTABILIDADE**

A) FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:

Levanza e control da contabilidade e das partidas orzamentarias, así coma do pagamento de facturas acreedoras e provedoras. Facturación e contabilidade do Concello.

B) PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:

Acreedores e provedores.

C) PROCEDEMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:

O propio interesado ou o seu representante legal mediante contratos de servizos ou facturas.

D) ESTRUCTURA básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIE, enderezo e teléfono); Datos económico – financeiros e de seguros (datos bancarios). Datos de transaccións (bens e servizos subministrados e recibidos polo afectado)

E) CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos a organizacións relacionadas directamente co responsable, coma asesorías contables, Axencia Tributaria, outros órganos da Administración do Estado, bancos, caixas de aforro e caixas rurais. Así mesmo, poderán transferirse a outras Administracións Públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia.

Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras Administracións Públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real Decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

F) ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarse e actualizarse polo persoal técnico do Departamento de Tesourería.

G) DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:

O persoal técnico do Departamento de Tesourería será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

H) SISTEMA DE TRATAMENTO: Mixto

I) NIVEL DE PROTECCIÓN:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter medio.

**FICHEIRO EMBARGOS DE PROVEDORES E PARTICULARES**

a) FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:

Cobrar as débedas e cumprimento das obrigacións de cara a facenda pública.

Usos: Intervención e Tesourería.

b) PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:

Residentes, provedores, outros colectivos.

c) PROCEDIMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:

O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Enquisas, declaración oral, formularios, transmisión electrónica, ...

d) ESTRUCTURA BÁSICA DO FICHEIRO E TIPO DE DATOS:

Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/ impresións dixitais, fotografías, número de S.Social, sinatura electrónica.

Datos económico-financieros: ingresos e rentas, datos bancarios, nóminas, bens e servizos, transaccións financeiras.

e) CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:

Organismos da Seguridade Social, outros órganos da Administración do Estado, bancos, caixas de aforro e caixas rurais.

Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.

A cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras Administracións Públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real Decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarse e actualizarse polo persoal das áreas de Intervención ou Tesourería.

g) DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:

O persoal das áreas de Intervención e Tesourería será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) SISTEMA DE TRATAMENTO: Mixto

i) NIVEL DE PROTECCIÓN: As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter alto.

**FICHEIRO Rexistro Municipal de Animais POTENCIALMENTE PERIGOSOS (rmaPP)**

A) FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:

Conter os datos relativos ao Rexistro Municipal de Animais de Compañía Potencialmente Perigosos segundo Ordenanza reguladora para a tenenza, defensa e protección destes do Concello de Rianxo e demais normativa de aplicación.

**B) PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:**

Propietarios, posuidor ou criador de animais considerados potencialmente perigosos, segundo normativa vixente.

**C) PROCEDEMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:**

Os datos obtense por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose a través da documentación que o propietario do animal debe presentar de cara a tramitar a licenza que terá que renovar cada cinco anos.

**D) ESTRUCTURA BÁSICA DO FICHEIRO E TIPO DE DATOS:**

Datos identificativos do propietario do animal: nome, apelidos, DNI, enderezo e teléfono, firma/impresións dixitais, psicotécnico apto do propietario, certificado do seguro

Datos de características persoais: data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade

Datos económicos- financeiros e de seguros: seguros

**E) CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:**

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos a entidades aseguradoras e Administracións Públicas.

Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras Administracións Públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real Decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

**F) ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:**

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarse e actualizarse polo persoal técnico da ÁREA DE MEDIO AMBIENTE.

**G) DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:**

O persoal técnico da área de medio ambiente, serán as persoa perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

**H) SISTEMA DE TRATAMENTO: mixto**

i) Nivel de Protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

---

**FICHEIRO.- CAMARAS DE VIDEOVIXILANCIA**

**A) FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:**

Gravación de imaxes para o control e seguridade do tráfico no casco urbano e do aparcadoiro de Taragoña.

Uso: Control e seguridade cidadá.

**B) PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:**

Usuarios do aparcadoiro, usuarios das vías nas cámaras de control de tráfico.

**C) PROCEDEMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:**

Gravación de imaxes.

**D) ESTRUCTURA BÁSICA DO FICHEIRO E TIPO DE DATOS:**

Imaxes.

**E) CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:**

A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de decembro.

Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.

**F) ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:**

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarse e actualizarse pola Policía Local.

**G) DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:**

O persoal da Policía Local será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

H) SISTEMA DE TRATAMENTO: Mixto

I) NIVEL DE PROTECCIÓN:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter alto.

#### **FICHEIRO.- REGISTRO DE LICENCIAS DE ARMAS DE AIRE COMPRIMIDO**

A) FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:

Registro de propietarios de armas de aire comprimido.

Uso: Control e seguridade cidadá

B) PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:

Propietarios de armas ou de licenzas de aire comprimido

C) PROCEDEMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:

O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Formularios

D) ESTRUCTURA BÁSICA DO FICHEIRO E TIPO DE DATOS:

Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais. Datos de características persoais: data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade.

E) CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:

Prevese a cesión de datos a outras Administracións Públicas.

A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro.

Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.

F) ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservase e actualízase pola Policía Local.

G) DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:

O persoal da Policía Local será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

H) SISTEMA DE TRATAMENTO: Mixto

I) NIVEL DE PROTECCIÓN:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

#### **FICHEIRO.- TRÁFICO E SEGURIDADE VIARIA**

A) FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:

Transmisión de datos e rexistro entre a xefatura de tráfico e o Concello de Rianxo, para o desenvolvemento de determinadas accións en materia de tráfico e seguridade viaria, entre os que se inclúen: novas matriculacións, cambios de titularidade e domicilio, baixas, xestión de accidentes, rexistro de vítimas, conductores e infraccións, campañas e informes.

Uso: Control e seguridade cidadá.

B) PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:

Usuarios, residentes, conductores, Xefatura de Tráfico e Concello.

C) PROCEDEMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:

O propio interesado. Administracións Públicas con competencias na materia.

D) ESTRUCTURA BÁSICA DO FICHEIRO E TIPO DE DATOS:

Datos identificativos: NIF/DNI, mutualidade, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais. Infraccións penais, accidentes de circulación, multas de tráfico, datos con fins policiais, datos de conductores e implicados en cuestións de tráfico e seguridade viaria. Datos proporcionados pola xefatura de tráfico ou a través da enquisa ou solicitude do DNI e da documentación dos vehículos. Outros datos especialmente protexidos: saúde (recadados co consentimento expreso do afectado). Datos de características persoais: data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade, lingua materna

E) CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:



A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se e a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro.

Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo

F) ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualízase polos funcionarios do Departamento da Policía Local.

G) DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:

O persoal funcionario do Departamento da Policía Local será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

H) SISTEMA DE TRATAMENTO: mixto

I) NIVEL DE PROTECCIÓN:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter alto.

#### **FICHEIRO.- CARPETA DA POLICIA**

A) FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:

Control e seguridade cidadán, medioambiente, policía administrativa, policía xudicial, protección civil e cooperación en conflitos privados.

Uso: Os relativos ás materias da Policía Local.

B) PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTENIR DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:

Usuarios, residentes, todos os cidadáns que formen parte de expediente aberto, ben sexa por denuncias, agresións, ou calquera outra cousa relativa á seguridade cidadá.

C) PROCEDIMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:

O propio interesado. Administracións Públicas con competencias na materia. Entidades privadas de seguridade.

D) ESTRUCTURA BÁSICA DO FICHEIRO E TIPO DE DATOS:

Datos identificativos: NIF/DNI, núm. S.s./mutualidade, nome e apelidos, dirección, teléfono, fotografía, imaxe, firma/impresións dixitais. Infraccións penais, accidentes de circulación, multas de tráfico, datos con fins policiais. Datos proporcionados pola xefatura de tráfico ou a través da enquisa ou solicitude do dni e da documentación dos vehículos. Infraccións penais, datos de colleita propia, a través da enquisa ou solicitude do dni e da documentación dos vehículos de carácter persoal nunha actuación policial. Outros datos especialmente protexidos: saúde (recadados co consentimento expreso do afectado). Datos de características persoais: data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade, lingua materna. Datos económico-financeiros e de seguros. Datos catastrais.

E) CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:

A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se e a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro.

Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.

F) ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualízase pola Policía Local.

G) DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:

O persoal da Policía Local será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

H) SISTEMA DE TRATAMENTO: Mixto

I) NIVEL DE PROTECCIÓN:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter alto.

#### **FICHEIRO.- AULA OCUPACIONAL**

A) FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:

Xestión de formación para discapacitados.

Uso: Servizos Sociais.

**B) PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTER DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:**

Usuarios, solicitantes, beneficiarios, pais ou titores, asociados ou membros.

**C) PROCEDEMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:**

O propio interesado ou o seu representante legal mediante formularios e enquisas.

**D) ESTRUCTURA BÁSICA DO FICHEIRO E TIPO DE DATOS:**

Datos de carácter identificativo: DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono. Datos de saúde: tipo de misnusvalía. Datos de características persoais: lugar e data de nacemento, idade, sexo, nacionalidade, datos de familia.

**E) CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:**

Organizacións e persoas relacionadas directamente co responsable.

A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro.

Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.

**F) ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:**

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservase e actualízase polos técnicos do Departamento de Servizos Sociais.

**G) DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:**

O persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

**H) SISTEMA DE TRATAMENTO: Mixto**

**I) NIVEL DE PROTECCIÓN:**

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter alto.

---

**FICHEIRO.- DROGODEPENDENCIAS**

**A) FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:**

Datos das historias clínicas e das solicitudes ó servizo dos usuarios da unidade de drogodependencias.

Uso: Servizos Sociais.

**B) PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTER DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:**

Solicitantes, beneficiarios.

**C) PROCEDEMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:**

O propio interesado ou o seu representante legal mediante declaración oral e escrita, toma de fotografías ou imaxes.

**D) ESTRUCTURA BÁSICA DO FICHEIRO E TIPO DE DATOS:**

Datos identificativos: DNI, Nome e apelidos, dirección, teléfono, tarxeta sanitaria.

Datos especialmente protexidos: saúde, orixe racial ou étnico, vida sexual.

Infraccións penais ou administrativas.

Datos de características persoais: estado civil, familia, data e lugar de nacemento, idade, sexo.

Datos de detalles de emprego: profesión, posto de traballo.

Datos de circunstancias sociais: vivenda, aloxamento.

Datos académicos: formación, titulacións. Datos de prestación económicas.

**E) CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:**

A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se e a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro.

Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.

**F) ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:**

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarase polos técnicos do Departamento de Servizos Sociais.

G) DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:

O persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

H) SISTEMA DE TRATAMENTO: Mixto

I) NIVEL DE PROTECCIÓN:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter alto.

---

**FICHEIRO.- EDUCACION FAMILIAR**

A) FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:

Xestión do programa de educación familiar e comunicación coa Administración Pública.

Uso: Servizos Sociais.

B) PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:

Usuarios, solicitantes, beneficiarios, representantes legais, pais ou titores, asociados ou membros.

C) PROCEDEMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:

O propio interesado ou o seu representante legal mediante formularios e enquisas, así como entidades que os facilitan.

D) ESTRUCTURA BÁSICA DO FICHEIRO E TIPO DE DATOS:

Datos identificativos: DNI, Nº da Seguridade Social, Nome e apelidos, dirección, teléfono, sinatura/pegada, tarxeta sanitaria, tarxeta de residencia, certificado padrón.

Datos especialmente protexidos: saúde, orixe racial ou étnico.

Infraccións penais ou administrativas.

Datos de características persoais: estado civil, familia, data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade.

Datos de detalles de emprego: profesión, datos non económicos de nómina, historial do traballador, posto de traballo.

Datos de circunstancias sociais: propiedades e posesións, vivenda, aloxamento.

Datos académicos: formación, titulacións, pertenza a colexios profesionais, historial académico.

Datos de prestación económicas, ingresos, rendas, inversións, préstamos e avais, datos bancarios, datos económicos de nómina, pensións. Datos de prestacións de servizos.

E) CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:

A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se e a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro.

Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.

F) ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarase polos técnicos do Departamento de Servizos Sociais.

G) DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:

O persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

H) SISTEMA DE TRATAMENTO: Mixto

I) NIVEL DE PROTECCIÓN:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter alto.

---

**FICHEIRO.- TALLER MEMORIA**

B) FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:

Xestión de actividades e talleres de memoria para adultos.

Uso: Servizos Sociais.

B) PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:

Usuarios, solicitantes, beneficiarios, asociados ou membros, representantes legais, titores.

C) PROCEDEMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:

O propio interesado ou o seu representante legal mediante formularios e enquisas.

D) ESTRUCTURA BÁSICA DO FICHEIRO E TIPO DE DATOS:

Datos de carácter identificativo: DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, sinatura/pegada, imaxe (fotografía). Datos de características persoais: estado civil, familia, data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade. Datos académicos: formación, titulacións.

E) CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:

A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se e a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro.

Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.

F) ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarase polos técnicos do Departamento de Servizos Sociais.

G) DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:

O persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

H) SISTEMA DE TRATAMENTO: Mixto

I) NIVEL DE PROTECCIÓN:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS do día 01/04/2013, sendo este favorable.

### DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D<sup>a</sup>. Vanesa Martinez Duran, di que seguen na mesma liña mantida ao respecto noutros plenos sobre este tema, de xeito que se van abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D<sup>a</sup> Jose Carlos Gey Hermo, di que a van a aprobar xa que segue a estela do regulamento xa aprobado e dos ficheiros tamén aprobados en plenos anteriores, publicados e agora en fase de inscrición.

A voceira do grupo municipal do BNG, D<sup>a</sup>. Adelina Ces Quintáns, di que apoian a proposta.

O Alcalde remata as intervencións facendo saber que tras estes ficheiros hai un traballo do persoal dos diferentes departamentos o que é de de loubar, xa que noutras entidades esto se encarga a unha empresa e aquí case a totalidade do elaborado é polo persoal, co aforro que isto implica.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo APROBADA por 11 votos a favor ( os 6 DO BNG e 5 do PSdeG-PSOE), 5 abstencións ( as dos membros do P) e cero votos en contra, dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

## **5º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA**

O Sr. Presidente parte da proposta que figura no expediente deste asunto e facilitada aos membros do pleno:

<<En consonancia co establecido pola Directiva de Servizos 2006/123/CE e as normas de transposición ditadas tanto estatais como autonómicas, entre elas:

- a lei 1/2010 de reforma da Lei 7/1996 de ordenación do comercio ( BOE 02/03/2010)
- Lei 13/2010 de comercio minorista de Galicia( DOG 29/12/2010)
- Rd.199/2010 ( BOE 13/03/2010)

Sendo preciso contar cunha Ordenanza reguladora da venda ambulante ou non sedentaria en cumprimento do artigo 72 da Lei 13/2010 de comercio minorista de Galicia, elaborouse un texto co contido recollido neste precepto.

Incorporado o día 26/03/2013 o informe de Secretaria sobre os trámites procedimentais e da conformidade do texto da ordenanza coa normativa aplicable e as súas esixencias.

Tendo en conta que conforme ó artigo 22.2. d) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a aprobación de Ordenanzas é unha competencia indelegable do Pleno da Corporación, bastando maioría simple, propoño a este órgano a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora das actividades de servizos e procedementos de intervención e control municipais, cuxo texto se achega con esta proposta.

**Segundo:** Expoñer ao público dita disposición mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, durante un prazo de trinta días hábiles, para a presentación de reclamacións e alegacións polos interesados.

**Terceiro:** De haber alegacións, resolveranse en nova sesión do pleno corporativo. No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza sen necesidade de novo acordo, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85. Posteriormente publicarase o texto completo no BOP, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85.

**Cuarto:** Comunicar esta transposición normativa á Comisión Europea a través da Xunta de Galicia.

### **ANEXO**

#### **ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA**

##### **Artigo 1.º.-Obxecto da norma.**

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación da venda ambulante ou non sedentaria, que se desenvolve e caracteriza por levarse a cabo fóra dun establecemento comercial, permanente de forma habitual no termo municipal de Rianxo e ó réxime sancionador aplicable a ela, de acordo cos requisitos, condicións e límites previstos na Lei orgánica 2/1996, de 15 de xaneiro, complementaria da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro de Ordenación do Comercio Minorista, e da Lei 13/2010, de 17 de decembro, reguladora do Comercio Interior de Galicia.

##### **Artigo 2.º.-Concepto.**

2.1 Considérase venda ambulante ou non sedentaria aquela realizada por persoas comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camiións tenda.

2.2 As vendas feitas dentro dos locais ou dos recintos ocupados por un certame feiral non terán a consideración de ambulantes.

2.3 A venda ambulante unicamente poderá levarse a cabo en mercados periódicos ou ocasionais, anexos a mercados fixos ou en postos instalados na vía pública que sexan desmontables ou en vehículos.

### **Artigo 3.º.-Modalidades de venda ambulante ou non sedentaria.**

3.1 As modalidades de venda ambulante ou non sedentaria permitidas no Concello de Rianxo serán as seguintes:

- a) A venda ambulante en mercados periódicos: aquela autorizada nos mercados situados en poboacións, en lugares e espazos determinados, cunha periodicidade habitual establecida. Dentro deste apartado están encadradas, entre outras, as realizadas en feiras populares, mercadillos e rastros.
- b) A venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados e que será autorizada con carácter excepcional.
- c) A venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos que teñan lugar con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares.
- d) A venda ambulante en camión ou vehículo-tenda: aquela realizada nos citados medios e autorizada en zonas ou lugares determinados
- e) A venda de excedentes de produtos agrícolas de tempada polos propios produtores que se axusta ó réxime especial coñecido por "réxime do campesiñado".

3.2 Quedan excluídos da presente regulación os postos autorizados na vía pública de carácter fixo e estable nos que se desenvolvan actividades comerciais de xeito habitual e permanente mediante a oportuna concesión administrativa, que se rexerán polas súas normativas específicas, tales como quioscos ou similares.

### **Artigo 4.º.-Suxeitos da venda.**

4.1 A venda ambulante ou non sedentaria a poderá exercer toda persoa física ou xurídica que se dedique profesionalmente á actividade de comercio polo miúdo e reúna os requisitos establecidos na presente ordenanza e demais normativa que fose de aplicación.

4.2 A venda de produtos agrícolas de temporada a poderán levar a cabo as persoas físicas aínda no caso de que non se dediquen profesionalmente á actividade de comercio polo miúdo, sempre que sexan eles os produtores e reúnan os demais requisitos que para este tipo de venda establece esta ordenanza.

### **Artigo 5.º.-Requisitos para o exercicio da actividade de venda ambulante ou non sedentaria.**

5.1 Para o exercicio de venda ambulante as persoas deberán cumprir os seguintes requisitos:

1.º.-Ser persoa física ou xurídica.

2.º.-Estar dadas de alta no corresponde epígrafe fiscal do IAE, na modalidade de venda ambulante, en calquera das cotas contidas nas tarifas deste imposto e xustificación de estar ó día no seu pagamento ou, de estar exentos, debe estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.

Este requisito se refire a calquera das modalidades do IAE, local, provincial, autonómica ou estatal e non supón a obriga de facelo en todos e cada un dos municipios se se satisface unha cota de superior ámbito que xa a comprenda.

3.º.-Estar ó corrente do pagamento das súas obrigas coa Facenda Pública e coa Seguridade Social.

4.º.- Exercer por si a actividade de venda ambulante. Non obstante, permitirase que a persoa física titular da autorización estea asociada en réxime de cooperativa para os efectos de dala alta na Seguridade Social e a substitución do autorizado nos supostos previstos nesta ordenanza.

5.º.-Dispoñer de póliza contratada sobre seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos que puidesen derivarse do exercicio da actividade.

6.º.-As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o CIF, acta de constitución, estatutos, e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.

7.º.-Estar en posesión da autorización municipal correspondente para este tipo de venda. Esta autorización sinalará o obxecto da venda, enderezo do titular e deberá manterse, para a súa exhibición, en lugar visible e permanente.

8.º.- A autorización á que se fai mención no apartado anterior, será persoal, podendo actuar no seu nome o cónxuxe, fillos, así como os empregados que consten na Seguridade Social por conta do titular comerciante.

Esta autorización terá un período de vixencia de cinco anos, renovable automaticamente pero podendo ser revocada por incumprimento do presente regulamento ou das ordenanzas municipais.

9.º.- Dispoñer dos permisos de residencia e de traballo que, en cada caso, sexan esixibles, de ser tratar de persoas extranxeiras.

10.º.-Estar en posesión do carné sanitario de manipulador de alimentos, actualizado, cando proceda á venda de artigos alimenticios.

11.º—Os vendedores ambulantes deberán cumprir no exercicio da súa actividade mercantil coa normativa vixente na materia de exercicio do comercio e da disciplina do mercado, de que os produtos obxecto da venda cumpren as condicións e requisitos esixidos pola normativa que os regula, tanto en materia sanitaria como no referente á súa presentación, etiquetaxe e demais que se establezan nelas, así como de responder dos produtos que venda, de acordo todo elo co establecido pola lei e demais disposicións vixentes.

12º.- Ter aboadas as taxas ou tributos municipais fixados ao respecto.

5.2. — En canto aos vendedores de produtos agrícolas excedentes dada a condición especial deste tipo de venda, non se considerará actividade comercial, polo que estarán exentos dos requisitos numerados nos puntos 2,3, 5 e 7 do presente artigo.

## **CAPÍTULO II.—REXIMEN XERAL DA AUTORIZACIÓN**

### **Artigo 6.º.—Competencias municipais.**

6.1. Correspóndelle ó Concello de Rianxo, dentro do seu termo municipal, concede-la autorización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria. Asemade, corresponderalle a fixación das taxas que se teñan que aboar polo exercicio da actividades en dominio publico.

Considéranse circunstancias preferentes para a obtención da autorización de venda:

- A situación económica do solicitante e da unidade familiar da que, no seu caso, forme parte.
- A residencia no termo municipal de Rianxo.
- Favorecer a integración laboral.
- O orde nas listaxes de espera.
- Estar en posesión da tarxeta acreditativa de estar inscrito na sección de vendedores ambulantes do Rexistro Galego de Comercio.

6.2. O vendedor ambulante non adquirirá de ningún xeito dereito sobre o posto que se lle asigne, xa que este non terá carácter permanente. As autorizacións entenderanse concedidas con carácter provisional e a precario, e poderán ser revogadas polo Concello de Rianxo cando o considere oportuno e en atención á desaparición das circunstancias que motivaron a súa concesión, ou se acredite o incumprimento de calquera das condicións da autorización, sen que iso dea orixe a indemnización ou compensación ningunha.

Do mesmo xeito, o Concello de Rianxo poderá dispor dos terreos ocupados polos postos de venda ambulante para realizar algún evento especial, sen que isto dea dereito a ningunha indemnización.

6.3. Compételle ó Concello de Rianxo a determinación dos artigos dos que se autoriza a venda nos “mercadillos” que se celebren no termo municipal de Rianxo, de conformidade coa normativa específica que regule a comercialización de cada grupo de produtos e as prohibicións específicas contidas na Lei 13/2010, de 17 de decembro, de Comercio Interior de Galicia.

Concretamente autorízase a venda de xamóns e demais embutidos curados sempre que estean provistos da correspondente guía sanitaria.

6.4. Queda prohibida en todo caso a venda ambulante dos seguintes produtos:

- a) Animais vivos, carnes, aves e caza fresca, refrixerada ou conxelada.
- b) Peixes e mariscos frescos, refrixerados e conxelados, excepto en zonas desabastecidas, fora do centro urbano de Rianxo e previos os trámites e autorizacións necesarios.
- c) Leite fresco, certificado ou pasteurizado.
- d) Queixos frescos, requeixo, tona, manteiga, iogur e outros produtos lácteos frescos.
- e) Produtos de pastelería ou panadería que leven tona ou crema na súa composición por considera-lo deterioro destes compoñentes altamente prexudicial para a saúde.
- f) Peixes afumados e outras semiconservas.
- g) Produtos elaborados con maionesas e venda a granel de produtos enlatados, tales coma conservas de peixe, cogombríños, etc.
- h) Venda a granel de azucres, aceites, arroz e calquera produto non debidamente envasado e etiquetado.
- i) Prohíbese a venda ambulante de ovos e produtos derivados.

### **Artigo 7.º.—Réxime de solicitude de autorización de venda ambulante ordinaria.**

7.1. A autorización para o exercicio da actividade deberá ser solicitada polo interesado ou representante debidamente autorizado, en formulario normalizado que se entregará no rexistro municipal.

7.2. De recibir a comunicación favorable á solicitude de autorización, o solicitante deberá presentar no prazo de 10 días hábiles desde o seguinte á súa recepción a documentación que se indica para obter a autorización:

- a) Fotocopia do documento nacional de identidade e da tarxeta do número de identificación fiscal. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro deberá acompañar fotocopia do pasaporte e do permiso de residencia e traballo ou da tarxeta de residencia, en vigor, segundo se trate de estranxeiros de países non comunitarios ou comunitarios, respectivamente.
- b) Certificación de Alta no epígrafe correspondente do IAE.
- c) Certificación de Alta do solicitante no réxime correspondente da Seguridade Social.
- d) Declaración de quen vai ser a persoa que vai exercer directamente a venda ambulante no posto. De ser un traballador dependente do solicitante, deberá presentar a alta deste na Seguridade Social.
- e) Se a autorización afecta á venda de produtos alimenticios, deberá achegar fotocopia do carné de manipulador de alimentos en vigor.
- f) Certificado acreditativo do correcto funcionamento da maquinaria e instalacións que pretende utilizar, se fora o caso.
- g) Fotocopia do seguro de responsabilidade civil que garante a cobertura de calquera clase de risco que a actividade poida orixinar.
- h) Dúas fotografías actuais do solicitante tamaño carné.
- i) No caso de se alegaran as circunstancias preferentes para a obtención de autorización previstas no parágrafo 1 deste artigo, presentaranse os documentos orixinais acreditativos para a súa comprobación.

De aportar copia cotexada da tarxeta acreditativa de estar inscrito na sección de vendedores ambulantes do Rexistro Galego de Comercio non precisará cumprimentar o esixido nos apartados a), b) e c) deste artigo.

De non se presentar toda a documentación citada no prazo concedido trala comunicación favorable o solicitante disporá de 10 días hábiles para emenda-lo defecto, debendo presentar toda a documentación necesaria para completala solicitude; no caso de non presentala citada documentación, considerarase que desiste da súa petición arquivándose sen máis trámite.

#### **Artigo 8.º.-Contido da autorización.**

8.1. O Concello de Rianxo expedirá as autorizacións en documento normalizado, no que se fará constar:

- Identificación do titular ou da persoa autorizada que vaia desenvolver a actividade en substitución do titular, xunto co seu enderezo.
- Modalidade de comercio ambulante para a que se habilita a autorización.
- Identificación numérica do posto, así como especificación de superficie lineal ocupada.
- Produtos autorizados para a venda.

8.2 Esta autorización, orixinal ou copia cotexada, deberá ser exhibida polo comerciante durante o exercicio da actividade, colocada no posto en lugar perfectamente visible.

### **CAPÍTULO III.-CONDICIÓNES ESPECÍFICAS DE CADA MODALIDADE DE VENDA AMBULANTE**

#### **SUBCAPÍTULO 1.-VENDA DE "MERCADILLOS"**

##### **Artigo 9.º.-Réxime de funcionamento.**

9.1 Teñen a consideración de mercadillos fixos os que se celebran de forma periódica ó longo de todo o ano, na localización, días e lugares prefixados polo Concello.

a) Os mercados ambulantes na parroquia de Rianxo celébranse os mércores e os domingos de cada semana, ocupando a Praza Castelao, Alameda e Praza Virxe de Guadalupe, e na parroquia de Taragoña os venres 1º e 3º de cada mes, na Praza de Campo de Pazos.

b) O Concello resérvase a facultade de modifica-lo emprazamento, así como o día e hora de celebración, se xurdisen necesidades xerais debidamente xustificadas.

Do mesmo xeito, poderá acordar, se xurdiren circunstancias de orde pública ou de interese xeral que así o aconsellen, a suspensión da celebración destes "mercadillos" polo tempo que resulte necesario, sen dereito a indemnización ningunha.

c) En ningún caso poderán establecerse novos "mercadillos" sen a autorización previa do Concello.

d) Os "mercadillos" terán un horario de funcionamento de 8.00 a 15.00 horas.

e) Queda expresamente prohibido:

- Instalar ou monta-los postos antes das 8.00 horas.



- Permanecer no posto despois das 15.00 horas.
- Pernoctar nos respectivos vehículos dentro do recinto de venda.

9.2 A instalación dos postos atenderá as seguintes instrucións:

- a) A venda autorizarase en postos ou instalacións desmontables que terán unha dimensións axeitadas á superficie autorizada.
- b) A non instalación de posto correspondente durante un mes sen causa xustificada, dará lugar á retirada automática da autorización.
- c) Os vendedores de artigos de alimentación estarán obrigados a dispoñer de instalación de exposición, venda e almacenamento situadas a unha distancia do chan no inferior a 60 centímetros e, ademais, estarán dotadas de parasoles e protectores que evitan o deterioro ambiental e o contacto directo das mercadorías co público.
- d) Non se permite que os vendedores aparquen os seus vehículos dentro do recinto de venda, salvo que se trate de vehículos-tenda. Non obstante poderán aparcar tódolos vehículos polo tempo imprescindible para a instalación e desmontaxe dos postos.

9.3 Os vendedores ao final de cada xornada comercial, deberán deixar limpos os respectivos espazos. Para estes fins deberán deposita-lo lixo nos depósitos colocados para tal efecto, desfacendo as caixas grandes para aproveitar axeitadamente a capacidade dos depósitos. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación de autorización.

#### **Artigo 10.º.-Validez e contido da autorización.**

10.1 As autorizacións terán unha duración de cinco anos prorrogables, salvo renuncia expresa do titular, retirada municipal da autorización ou aparición de circunstancias que modifiquen as que motivaron o seu outorgamento.

A renovación da autorización producirase de forma expresa e por idénticos períodos sempre que se presenten a acreditación de estar de alta na Seguridade Social, de estar ó día no pagamento do IAE e o seguro de responsabilidade civil en vigor.

O prazo para a presentación da documentación da renovación será dende o 1 ata o 15 de xaneiro de cada ano.

10.2 Dado o carácter intransferible da autorización, poderanse considera-las seguintes excepcións:

- a) O cambio de titularidade da autorización en caso de falecemento do titular ou renuncia expresa deste á autorización concedida a favor do cónxuxe ou descendente directo en primeiro grao de consanguinidade; neste caso deberá ser devolto o permiso e a Administración estimará o seu outorgamento polo tempo que reste da autorización entre os solicitantes e sempre que cumpran tódalas condicións esixidas neste ordenanza para ser titular.
- b) Enfermidade do titular ou outra causa suficientemente acreditada que lle impida o exercicio da actividade, a Administración, por petición do interesado e trala estimación de tal circunstancia, poderá autoriza-lo exercicio da venda ó cónxuxe, irmáns, ascendentes ou descendentes directos ata o segundo grao de consanguinidade que estean designados na autorización.
- c) A Administración municipal estimará a conveniencia de outorgar, en determinados supostos debidamente comprobados, unha autorización provisional para o exercicio da venda ambulante por un tempo non superior a tres meses, prorrogables cando concorran circunstancias económicas e cargas familiares especialmente gravosas nos solicitantes.

#### **Artigo 11.º.-Réxime de pagamento da taxa municipal por ocupación de dominio público.**

11.1 A correspondente taxa por ocupación do dominio público rexerese polo establecido na Ordenanza fiscal reguladora, e liquidarase mensualmente, por adiantado, e dentro dos primeiros quince días naturais, permitíndose os pagos trimestrais e semestrais voluntariamente.

11.2 O non pagamento da taxa, total ou parcial dalgún dos períodos, dará lugar á revogación automática da autorización previo aviso ó interesado.

### **SUBCAPÍTULO 2.-VENDA EN FESTAS POPULARES E OUTROS "MERCADILLOS" OCASIONAIS**

#### **Artigo 12.º.-Réxime de funcionamento.**

12.1 O Concello poderá acorda-la instalación de "mercadillos" sectoriais para logra-la revitalización comercial dun sector artesanal ou de interese para a comarca e de mercados ambulantes nas festas populares. No devandito acordo fixaranse:

- a) A situación dos devanditos "mercadillos".
- b) As posibles especialidades respecto do réxime xeral de outorgamento de autorizacións e funcionamento dos "mercadillos" que establece esta ordenanza.

12.2 Se o acordo de instalación de mercados ambulantes sectoriais e festas populares no dispón cousa diferente, o réxime de outorgamento de autorizacións e de funcionamento será o establecido neste ordenanza con carácter xeral.

12.3 O permiso de venda especificará a duración do mesmo e o xeito de pagamento da taxa correspondente.

### SUBCAPÍTULO 3.–VENDA EN POSTOS NA VÍA PÚBLICA CON POSTO DESMONTABLE E VIAS PÚBLICAS AUTORIZADAS

#### **Artigo 13.º.–Réxime de funcionamento.**

13.1 O Concello poderá autoriza-la venda en postos desmontables de enclave fixo, situados na vía pública, nalgunha das dúas modalidades seguintes:

- a) Postos nos que o a súa instalación poida permanecer fixa durante todo o período de autorización.
- b) Postos que deban retirarse a diario.

13.2 A modalidade mencionada no parágrafo a), será admisible para postos de xeados, carpas e vendas en períodos estacionais.

13.3 A modalidade de venda establecida no parágrafo b) poderá utilizarse para:

- a) Venda de caramelos, churros e produtos secos.
- b) Postos destinados á venda de publicacións de carácter político, económico ou social.
- c) Venda de produtos artesanais ou bixería de escasa contía económica.

13.4 As condicións particulares de funcionamento, duración do permiso e réxime de pagamento da taxa serán sinalados no acordo que conceda a autorización, e, para o non previsto, serán de aplicación as normas xerais establecidas nesta ordenanza para o exercicio da venda ambulante e as propias do bo desenvolvemento da práctica comercial.

#### **Artigo 14.º.–Venda ambulante na vía pública sen posto.**

Queda prohibida a venda ambulante na vía pública sen posto fixo, de mercadorías de calquera tipo, salvo que o Concello expresamente o autorice.

### SUBCAPÍTULO 4.–VENDA EN VEHÍCULOS CON CARÁCTER ITINERANTE

#### **Artigo 15.º.–Réxime de funcionamento.**

Esta modalidade de venda só se poderá exercer dende vehículo-tenda e sen posto fixo, axustándose ás seguintes características e nos supostos contemplados no artigo 3-d.

1.º.–Os vehículos deberán dispor de cámara frigorífica ou isoterma, en debidas condicións, cando os artigos obxecto de venda autorizados requiran determinadas condicións de frío, refrixeración e conservación.

2.º.–A venda limitarase ó ámbito xeográfico ou perímetro do término municipal que se sinala no respectivo permiso. O seu incumprimento motivará a retirada do permiso con prohibición de exercer-la venda durante o tempo que se sinala, sen prexuízo doutra sanción que se determine.

3.º.–A autorización municipal de venda, a súa renovación e o pagamento das taxas fixarase no permiso, rexendo no non disposto as condicións xerais da presente ordenanza e da ordenanza fiscal que sexa de aplicación.

### SUBCAPÍTULO 5.–A VENDA DE PRODUCTOS HORTO-FRUCTICOLAS DE TEMPADA POLOS PROPIOS PRODUTORES, COÑECIDO COMO “RÉXIME DAS CAMPESIÑAS”

#### **Artigo 16.º.–Actividades permitidas.**

16.1 Permíteselle a venda de produtos agrícolas excedentes de tempada que proveñan exclusivamente da súa horta, tales como froitas, verduras, hortalizas ou flores.

16.2 Queda prohibida, en consecuencia, a revenda de todos aqueles produtos previamente adquiridos en almacéns de distribución, lonxas ou a outras persoas e, en xeral, de todos aqueles que teñan unha orixe diferente da horta propia.

#### **Artigo 17.º.–Da autorización e circunstancias preferentes para a súa obtención.**

17.1 Para poder exercer este tipo de venda é necesaria estar en posesión da autorización municipal especial correspondente, que ha de estar sempre visible para a comprobación policial.

Esta autorización será persoal e intransferible, pero, por causa debidamente xustificada, e de xeito excepcional, poderá actuar en nome da persoa titular, o seu cónxuxe ou fillos.

17.2 Poderán solicitar esta autorización unicamente as persoas físicas que sexan propietarias ou teñan dereito de aproveitamento dalgún tipo de terra de labor na que produza as especies que se pretende vender.

17.3 Non poderá acadar este tipo de autorización ningún profesional da venda nin ningunha persoa que no produza por si as mercadorías que vai vender.

#### **Artigo 18.º.–Documentación que se debe presentar coa solicitude de autorización.**

18.1 Cando se solicite a autorización a persoa interesada deberá presenta-la seguinte documentación:

- a) Declaración responsable de que os produtos proveñen da colleita propia na que tamén se indicarán os produtos que se pretenden vender e épocas do ano aproximadas nas que se producen.
- b) No caso de que se pretenda acredita-la situación económica da unidade familiar farase por medio de copia de última declaración de renda, certificado do Inem, o calquera outro documento que os órganos competentes do Concello consideren oportuno para tal fin.
- c) Certificación de estar de Alta no Réxime especial agrario da Seguridade Social.

18.2 Tódolos datos alegados polos interesados poderán ser comprobados polos servizos competentes do Concello de Rianxo

#### **Artigo 19.– Características dos postos.**

Este tipo de venda realízase nas bancadas destinadas a tal fin dentro da Praza de Abastos, quedando prohibida a venda destes produtos fora da mesma.

O Concello, por motivos de interese público, poderá suprimi-los espazos habituais, modifica-las súas características ou habilitar outros diferentes.

#### **Artigo 20.– Horario especial.**

Estes postos venderán no horario de apertura da Praza de Abastos Municipal.

#### **Artigo 21.º. Estacionamento**

Non poderán estacionar na zona de venda, vehículos, remolques, carros, etc., salvo para instalación do posto, carga e descarga.

### **CAPÍTULO IV.–RÉXIME SANCIONADOR**

#### **Artigo 22.º.–Infraccións**

Constitúen infraccións unicamente as condutas tipificadas como tales neste artigo:

**22.1** O incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, así como as determinadas na normativa reguladora da defensa dos consumidores e usuarios e demais normativa de aplicación dará lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador. As faltas clasificaranse en leves, graves e moi graves.

##### **22.2 Serán faltas leves:**

- a) Producir ruídos, berros ou música que incumpran a ordenanza de ruídos e vibracións.
- b) A falta de ornato ou limpeza das instalacións e da súa zona circundante.
- c) O incumprimento dos horarios en comezo e finalización da actividade.

##### **2.3 Serán faltas graves:**

- a) A comisión de dúas faltas leves no prazo dun ano
- b) Non cumpri-las normas de seguridade das instalacións e dos seus elementos.
- c) A venda de produtos distintos dos autorizados.
- d) A instalación de posto en lugar distinto do autorizado.
- e) Non recoller o lixo xenerado pola súa actividade.
- f) Non acreditar mediante factura ou autorización correspondente a procedencia da mercadoría.

##### **22.4 Serán faltas moi graves:**

- a) A comisión de dúas faltas graves no prazo dun ano

- b) Non estar inscrito no imposto de actividades económicas ou non estar ó día no pagamento das obrigas tributarias respecto da actividade que se exerza.
- c) Non estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.
- d) A venda de produtos en estado tal que poidan causar dano para a saúde.
- e) A venda de produtos prohibidos.
- f) O incumprimento de cantas obrigas impoñan as disposicións aplicables por razón da actividade que exerzan, especialmente en materia de disciplina de mercado e comercialización.
- g) Incumprimento das disposicións sanitarias aplicables ás instalacións ou produtos que se vendan.
- h) O exercicio da actividade por persoa diferente da autorizada ou do seu suplente.
- i) A instalación dos postos sen autorización.
- j) A falta de respecto e desacato ós axentes encargados do control e vixilancia do mercadillo.

22.5 A aquelas infraccións da presente ordenanza que sexan concordantes coas establecidas na Lei 26/1984 do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, seranlles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no devandito texto legal, así como nas normas que o desenvolven.

### **Artigo 23.º**

23.1 As sancións que se aplicarán serán, sen prexuízo do disposto no apartado 5.º do artigo 24, as que seguen:

- a) Por faltas leves, multas de 100 ata 750 €.
- b) Por faltas graves, multas de 750,01 ata 1500 € e suspensión e/ou revogación da autorización.
- c) Por faltas moi graves:
- d) Multas de 1.500,01 ata 3000 €.
- e) Revogación da autorización, mesmo coa posibilidade de chegar a comisa-la mercadoría nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.

23.2 Correspóndelle ó Sr. Alcalde, ou cargo no que delegue, a imposición de multas e demais sancións.

23.3 Para a gradación das sancións valoraranse as circunstancias seguintes:

- a) O grao de voluntariedade ou a intencionalidade da persdoas infractora.
- b) A natureza dos prexuízos causados.
- c) A contía do beneficio obtido
- d) O volume da facturación a que afecte.
- e) A capacidade ou solvencia económica
- f) A desobediencia ós requirimentos da administración.
- g) A reincidencia

### **Artigo 24.º.–Medidas cautelares.**

En tódolos casos de suposta infracción establecido nos artigos anteriores poderase, ó tempo de apreciarse a súa comisión, reter cautelarmente a autorización de venda, en tanto se tramite o expediente correspondente e se resolva definitivamente a sanción a aplicar. O tempo de duración da retención cautelar será deducido do que, se é o caso, se fixe na sanción e durante a súa vixencia suporá a prohibición de exercer-la actividade comercial.

### **Artigo 25.º.–Reincidencia.**

25.1. Apreciarase a existencia de reincidencia cando no término dun ano se cometa por un mesmo infractor, máis dunha infracción leve de idéntica natureza e feitos. Para as infraccións graves ou moi graves, considerarase reincidencia cando se cometan no prazo de ata tres anos.

25.2. A reincidencia así apreciada poderá dar lugar, ademais da sanción económica, á retirada definitiva da autorización de venda ambulante.

### **Artigo 26.º.–Procedemento.**

Para a determinación das infraccións e a imposición das sancións previstas nesta ordenanza será de aplicación o procedemento administrativo sancionador regulado polo real Decreto 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora con carácter xeral; a Lei 30/92, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administración públicas de procedemento administrativo común, e demais normas concordantes.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA E COMERCIO do día 01/04/2013, sendo este favorable.

O Presidente, antes de dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos comenta que esta ordenanza é o resultado dun consenso - do que dará mais detalle o 1º Tenente de Alcalde e concelleiro de Comercio- entre os comerciantes, consumidores e corporación xunto a representantes da Xunta de Galicia na Mesa de Comercio, procurando a harmonización dos intereses que confluen neste campo.

### **DEBATE:**

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Dª Jose Carlos Gey Hermo, explica mais polo miúdo como se foi chegando a este texto, que contén todo o previsible nesta modalidade de comercio: requisitos para o exercizo da actividade, documentación a achegar e tramitación desta, lugares, días e horarios, contempla tamén o “réxime do campesinado” e a venda en festas populares, autorizacións e o réxime sancionador. É un documento acadado na Mesa Local de Comercio con representantes da asociación de consumidores provincial COETICOR, da Asociación Rianxeira de Empresarios, a Xunta de Galicia e dos representantes políticos da corporación, a súa revisión polos departamentos de Policía Local e Secretaria, tal e como se comentou na Comisión Informativa cuxo ditame foi favorable por unanimidade, e todo para acadar unha regulación actualizada, correcta e da que espera de os seus frutos na súa aplicación beneficiosa para os veciños e comerciantes no Concello de Rianxo.

A voceira do grupo municipal Partido Popular , Dª Vanesa Martinez Duran, di que o grupo municipal do PP vanna a aprobar.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dª. Adelina Ces Quintáns, di que estan de acordo co texto.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor dos 17 membros presentes que son os 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** por unanimidade nos termos desta.-

### **6.- MOCIONS DE URXENCIA**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

**A Presidencia pregunta se hai mocións.**

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos.

**6.1.- MOCION DO BNG SOBRE O NOVO COPAGO DOS COMEDORES ESCOLARES E MANTEMENTO DO PERSOAL ADMINISTRATIVO DOS CENTROS DE ENSINO (RXE nº 2323).-**

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente pásalle a palabra á concelleira Adelina Ces Quintans que xustifica a urxencia no feito da súa incidencia inmediata nas familias así como a supresión da administrativa do colexio municipal. Engade que esta moción substitúe á presentada con número de Rexistro de Entrada 2126, e que retira, xa que unicamente se diferencia no título, onde a que se presenta engade o de “mantemento do persoal administrativo dos centros de ensino”

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 17 concelleiros que son os que legalmente constitúen a corporación, por tanto maioría absoluta.

## B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A concelleira Hadriana Ordoñez Otero lee a proposta:

<<Adelina Ces Quintáns, en nome e representación do grupo municipal Bloque Nacionalista Galego de Rianxo presenta a seguinte MOCIÓN: SOBRE O NOVO COPAGO DOS COMEDORES ESCOLARES E MANTEMENTO DO PERSOAL ADMINISTRATIVO DOS CENTROS DE ENSINO.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 12, deste mes de marzo, o goberno do PP na Xunta de Galiza deu a coñecer un novo recorte no dereito á educación dos galegos e galegas cunha medida que afecta directamente ao alumnado do noso país. O goberno do PP anuncia a ampliación do copago do servizo de comedor escolar.

Esta decisión carga sobre as precarias economías das familias a obriga de facer fronte ao pago dunha parte importante deste servizo. Un servizo necesario para garantir un dereito fundamental como é o Dereito á Educación que, con esta imposición do goberno do PP, vén a deteriorar o ensino público no que respecta ao servizo de comedores escolares.

Esta actuación do goberno do PP na Xunta de Galiza evidencia a súa despreocupación polo ensino público, provocando o seu deterioro polos sucesivos recortes dos últimos anos: recortes no número de profesores e profesoras; recortes nos orzamentos dos centros; recortes nas axudas para libros, nas axudas para bibliotecas, atrasos nas transferencias económicas para comedores escolares, recorte no servizo de comedores, empeoramento das condicións socio-laborais do profesorado, recortes nos servizos de normalización lingüística e unha longa cadea de despropósitos que deterioran un servizo público básico da sociedade.

Noutro orde de cousas sinalar que o traballo administrativo aumentou nos últimos tempos nos centros educativos polo que require de máis tempo e dedicación que se lle resta ao profesorado para realizar outras funcións e impartir docencia. Deste xeito, os centros de educación infantil e primaria precisan persoal administrativo especializado, que manexe os programas informáticos propios, para liberar o persoal docente e que poida empregar ese tempo para o seu principal labor encomendado, o labor docente. Ademais, a propia Xunta acurtou os prazos de moitos procedementos co que os centros de ensino deben axilizar a súa tramitación e xestión diaria. Centros como o Colexio Castelao, con case que cincocentos alumnos/as non poden permitir que se lles quite o persoal administrativo como é a pretensión da Consellería de Educación.

Pola contra, todos estes recortes no ensino público contrastan cos 240 millóns de subvención ao ensino concertado, cos 3 millóns de euros de subvención para centros que segregan ao alumnado por razón de xénero e que o propio Tribunal Superior de Xustiza de Galiza declarou ilegal.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguintes

### ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galiza a non establecer un novo copago no servizo de comedores escolares.
2. Instar á Xunta de Galiza a ampliar o servizo de comedor gratuíto ao alumnado con poucos recursos económicos do ensino infantil e de primaria.
3. Demandar da Xunta de Galiza velar polo dereito á educación, garantindo un servizo de comedor escolar de calidade para o alumnado que o necesite.
4. Demandar da Xunta de Galiza o mantemento da praza de persoal administrativo do Colexio Castelao de Rianxo así como o doutros concellos nos que se pretende eliminar.>>

A voceira do grupo municipal Partido Popular D<sup>a</sup> Vanesa Martínez Duran, di que votarán en contra da moción posto que esta medidad vai supoñer que ao final da lexislatura haberá 11.000 prazas de comedor escolar gratuitas mais das que había co bipartito do que formaba parte o partido que asina a moción presentada. Os mais beneficiados será nas familias con menos ingresos, sendo así unha medida equitativa e social que vén a poñer solución a un copago instaurado polo bipartito que non era xusto para as familias que menos ingresos teñen. O novo sistema de prezos nos comedores escolares é mais equitativo e está pensado para tratar aos usuarios segundo as súas posibilidades económicas: as rendas mais baixas van ter garantida a gratuidade total. En canto aos demais pagará mais quen mais ten.

A concelleira remata dirixíndose ao goberno municipal e dicíndolle que lles pode dar mais datos pero vou omitilos simplemente matizalles que a súa política é a da axitación pero desgraciadamente para vostedes o tempo acabará demostrando quen minte.

O Voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlo Gey Hermo, di que o discurso do PP é moi bonito pero o certo é que os sistemas de copago e de taxas que estan a impoñer os gobernos do PP incrementan a desigualdade. O que o PP vende como elemento de progresividade é un discurso falso. “ Non hai dereito a que un rico que vaia a escola pública teña comida gratis”. Con este discurso que soa ben e que por desgracia moita xente cree, estase a incrementar a desigualdade entre ricos e pobres, volvendo a tempos pasados nos que o rapaz que come gratis é o pobre sen recursos. Di que para o PSOE o Estado é o que garante o estatus de igualdade dos cidadáns baixo o prisma de que o ten mais cartos debe pagar mais por medio dos impostor, pero unha vez nos servizos públicos –sexa educación ou sanidade...- todos debemos ser iguais, o fillo do millonario e o fillo do traballador. O xeito da igualdade real unicamente se acada a través do IRPF, pagando mais as rentas mais altas; outra forma sería mediante a creación dun imposto á banca e outra posibilidade sería a supresión das axudas aos colexios concertados ou a aqueles colexios que priman segundo o sexo dos alumnos, así como a supresión dos 28 millóns de euros destinados ao ensino da relixión nos colexios. Con todo isto non sería preciso o repagamento dos comedores escolares. O PP rexeita estas medidas por “ irrelevantes” e promove un ataque á clase media traballadora por este servizo básico. Moitas familias con dous fillos terán que abonar o servizo do comedor no proximo abril de 2014.

A voceira do grupo municipal do BNG, D<sup>a</sup>. Adelina Ces Quintáns, replica ao PP que non é verdade o que conta a voceira do PP xa que os sen recursos non pagaban antes pero os que non podían ir a casa a comer ou non tiñan transporte agora se van a atopar cun problema. Ao final estase a impedir que os mileuristas podan mandar aos seus fillos aos colexios a comer. Estase a reducir todo: as actividades extraescolares, o comedor escolar, as prazas, o persoal, ...desexaría que tivera razón a concelleira do PP e ela fose unha mentireira.

Solicita a réplica a voceira do PP para respostar. Comeza coa voceira do BNG dándolle datos practicos reais, por exemplo, di: unha familia monoparental con un fillo ( xa non con dous) gratuidade total se ingresa menos de 1.000€ en 14 pagas. Continúa co voceiro do PSdeG-PSOE lembrándolle que o copago implantouse nos comedores escolares polo bipartito a través dunha orde de febreiro de 2007, concretamente coa entón Conselleira de Educación Laura Sanchez Piñon, que entendía o modelo como bo e xusto xa que atendía a renda e tiña un carácter social orientado a favorecer a conciliación familiar e social. A Xunta de Galicia o que fai agora coa adopción desta

medida é outorgarlle a ese copago unha auténtica progresividade que o sistema actual non tiña.

O Alcalde remata o turno de intervencións manifestando a súa opinión de que se está a pagar dúas veces, a través dos impostos e mediante reducións dos servizos, e todo ilo sen meterlle ditas reducións aos colexios relixiosos, concertados, etc. Isto xa pasou cos maiores que tiveron que pagar o servizo aínda que sexa o mínimo. Ao final unicamente as familias de recursos mínimos están cubertas pero a cousa é tal que o ánimo é indiscutible: recadatorio. Comenta que no Colexio Castelao cuns 500 alumnos se vai suprimir a única administrativa. Se non se dedicara tanto diñeiro aos colexios relixiosos ou aos concertados posiblemente estarían mellor dotados os colexios públicos e cheos de rapaces.

O voceiro do PSdeG-PSOE formula unha emenda ao punto primeiro da moción de xeito que sexa substituído o que figura naquela polo seguinte texto que figura na moción que tiña achegado este grupo (RXE nº 2266) e que agora simplemente transacciona como emenda na parte dispositiva: “ O Concello de Rianxo manifesta o seu total rexeitamento ao repagamento do servizo de comedor que pretende establecer a Xunta para o vindeiro curso, por ser un novo machazado ás clases medias traballadoras.”

Rematado o debate, procédese a **VOTACIÓN**, e con 11 votos a favor (os dos 6 membros do grupo municipal do BNG e os dos 5 membros do grupo municipal do PSDdeG-PSOE), e 6 votos en contra (dos 6 membros do PP) e cero abstencións, dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** coa emenda presentada nos seguintes termos:

Primeiro: O Concello de Rianxo manifesta o seu total rexeitamento ao repagamento do servizo de comedor que pretende establecer a Xunta para o vindeiro curso, por ser un novo machazado ás clases medias traballadoras.”

Segundo: Instar á Xunta de Galiza a ampliar o servizo de comedor gratuíto ao alumnado con poucos recursos económicos do ensino infantil e de primaria.

Terceiro: Demandar da Xunta de Galiza velar polo dereito á educación, garantindo un servizo de comedor escolar de calidade para o alumnado que o necesite.

Cuarto: Demandar da Xunta de Galiza o mantemento da praza de persoal administrativo do Colexio Castelao de Rianxo así como o doutros concellos nos que se pretende eliminar

## **6.2.- MOCION DO PSdeG-PSOE INSTANDO A IMPARTICIÓN DE CURSOS DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA NA ESCOLA OFICIAL-NÁUTICO PESQUEIRA DE RIBEIRA (RXE nº 2267)**

### **A) URXENCIA DA MOCIÓN:**

O Presidente pásalle a palabra ao voceiro do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo , que xustifica a urxencia no feito de que é agora cando se debe reclamar esta formación.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 17 concelleiros que son os que legalmente constitúen a corporación, por tanto maioría absoluta.

### **B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.**

O concelleiro Jose Carlos Gey Hermo lee a proposta:



## <<MOCIÓN INSTANDO A IMPARTICIÓN DE CURSOS DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA NA ESCOLA OFICIAL-NÁUTICO PESQUEIRA DE RIBEIRA

O Grupo Municipal Socialista no concello de Rianxo, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base a seguinte

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, na Escola Oficial-Náutico Pesqueira de Ribeira véñense impartindo ciclos formativos de grao medio (Técnico en navegación, pesca e transporte marítimo e Técnico en operación, control, mantemento de máquinas e instalacións do buque) e un ciclo formativo de grao superior (Técnico superior en supervisión, control de máquinas e instalacións do buque). Ademais, tamén se imparte a formación de Patrón costeiro polivalente.

Hai matriculados un total de 150 alumnos, polo que a formación do sector do mar na nosa comarca require dunha atención axeitada.

Os títulos dos estudos que moitos dos nosos mozos/as optan por facer no ámbito do mar e que expide a Consellería de Educación, non habilitan para poder exercer a profesión se non van acompañados da preceptiva formación complementaria que esixe a Mariña Mercante Española: o curso avanzado de formación sanitaria específica, curso avanzado de loita contra incendios, curso avanzado de botes de rescate non rápidos, de operador xeral do Sistema Mundial de Socorro e Seguridade Marítimos (GMDSS) e o curso de Radar de Punteo Automático (ARPA).

Estes cursos, obrigatorios e necesarios para poder enrolarse nunha embarcación e exercer o cargo para o cal os alumnos/as estudaron e se formaron durante dous anos, actualmente non se están ofertando dentro do programa de ciclos de formación profesional da Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira, dado a falta de profesorado para impartílos, xa que os docentes cos que conta o centro teñen cuberto o seu cupo horario.

Este feito obriga aos alumnos a acudir a entidades privadas para poder realizalos, o que leva aparelado un elevado custe económico (1000€ - 1500€ curso), motivo que en moitos casos imposibilita que os nosos mozos/as os poidan cursar, mentres que na Escola Oficial Náutico-Pesqueira do Atlántico (Vigo) e na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol, ofértanse moitos deles de xeito grauíto.

Despois de anos de espera pola Escola Oficial Náutico- Pesqueira de Ribeira, para que os mozos e mozas da Comarca da Barbanza puideran estudar preto das súas casas, consideramos que os actuais alumnos da mesma, que non se beneficiarán do novo plan de estudos (no que xa se contempla algún dos anteditos cursos nos programas formativos) deben ter igualdade de oportunidades que os alumnos de Vigo e Ferrol para realizalos grauítamente.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista insta ao Pleno desta Corporación Municipal a que adopte o seguinte

### ACORDO

- 1) Que se Inste ao goberno da Xunta de Galicia para que o curso avanzado de formación sanitaria específica, curso avanzado de loita contra incendios, curso avanzado de botes de rescate non rápidos, de operador xeral do Sistema Mundial de Socorro e Seguridade Marítimos (GMDSS) e o curso de Radar de Punteo Automático (ARPA), impártanse na Escola Oficial Nautico-Pesqueira de Ribeira, dando as mesmas oportunidades aos alumnos da Barbanza cos que estudan nas outras Escolas Náutico-Pesqueiras de Galicia.
- 2) Dado o alto nivel de solicitudes que se rexistran no centro, qué se inste ao goberno da Xunta de Galicia a impartir na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira o Ciclo de Técnico superior en pesca, navegación e transporte marítimo>>

A voceira do grupo municipal Partido Popular D<sup>a</sup> Vanesa Martínez Duran, di que consultou o tema co Alcalde de Ribeira xa que tamén se tratou no pleno dese concello e propón como texto o que se aprobou naquel e ao que manifestan o seu apoio de ser aceptado.

Ana Eitor abandona o salón de plenos ás 20:40horas.

O Voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlo Gey Hermo, lee o texto e di que a demanda realmente é diferente. O alumnado da Escola Nautico-Pesqueira de Ribeira proceden de Ribeira, Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo, Rois, Padrón, Catoira, Vilagarcía de Arousa, Porto do Son, Noia, Lousame, Serra de Outes, Mazaricos, Muros e Dumbria, e para o curso de “*Mariñeiro pescador*” que tamén se imparte na Escola pódense incluír concellos de toda a provincia.

A voceira do PP di que no seu día fíxose un curso en Ribeira de máquinas pero non houbo demanda e que era bo facer un estudo de que formación se necesita.

O voceiro do PSdeG-PSOE di que a cuestión é que existen dúbidas sobre se os cursos complementarios sexan suficientes para que logo a Marina Mercante non pida outros cursos ou titulacións. Por ilo di que non ten realmente que ver coa moción que traía ao pleno e non cambiaría nada.

Postos a falar os diferentes grupos acordan unha transacción entre todos suprimíndose do punto 1 o seguinte: “... dando as mesmas oportunidades aos alumnos da Barbanza cos que estudan nas outras Escolas Náutico-Pesqueiras de Galicia”

A voceira do grupo municipal do BNG, D<sup>a</sup>. Adelina Ces Quintáns, di que incluso cabería que a propia Marina Mercante debería dispor dunha relación dos cursos que teñen máis demanda.

O voceiro do PSOE di que en relación ao “*Ciclo de Técnico superior en navegación e transporte marítimo*” non hai contabilizadas un número de solicitudes para cursar o ciclo de Técnico Superior en navegación, pesca e transporte marítimo dado que non se oferta no centro. No taboleiro de especialidades que se ofertan está incluído pero a Xunta négase a poñer máis profesorado na Náutica de Ribeira para que se imparta, prefiren que vaian estudar a Coruña, Vigo ou Ferrol. Segundo información do propio centro, solicitan o curso unhas 30 a 40 persoas por curso.

Continúa o voceiro do PSdeG-PSOE dicindo que no relativo ao Plan de Estudos novo e a famosa lei Pert que comezará a aplicarse no ano 2014. Este novo plan non inclúe os cursos como tal nos ciclos senón que complementan as asignaturas. A Dirección da Escola informa que aínda que estes cursos se inclúan como complemento de asignatura non quita que os haxa que facer aparte se así o determina a Mariña Mercante Española.

A concelleira Ana María Agrelo pide intervir para comentar que esta moción se corresponde cunha diagnose real xa que polo seu traballo de AEDL ten coñecemento de que estes cursos son difíciles de facer polo seu custe. En consecuencia, sería desexable que na Ría de Arousa se impartiran estes cursos. Engade que os interesados teñen que ir a Vigo a facelos. A pesar de que se veñen solicitando dende fai anos é imprescindible agora para dar unha nova oportunidade de traballo na zona vía a formación.

O Alcalde pecha as intervencións sinalando que nunha vila mariñeira como Rianxo é desexable e necesario dispoñer destes cursos na Ría de Arousa que abran e facilitan vías laborais a xente destes concellos.

Rematado o debate, procédese a **VOTACIÓN**, e por unanimidade, isto é, con 16 votos a favor (os dos 6 membros do grupo municipal do BNG, os dos 5 membros do grupo municipal do PSDdeG-PSOE e dos 5 membros do PP), e 0 votos en contra e cero

abstencións, dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** coa transacción efectuada nos termos seguintes:

Primeiro: Que se Inste ao goberno da Xunta de Galicia para que o curso avanzado de formación sanitaria específica, curso avanzado de loita contra incendios, curso avanzado de botes de rescate non rápidos, de operador xeral do Sistema Mundial de Socorro e Seguridade Marítimos (GMDSS) e o curso de Radar de Punteo Automático (ARPA), impártanse na Escola Oficial Nautico-Pesqueira de Ribeira.

Segundo: Dado o alto nivel de solicitudes que se rexistran no centro, qué se inste ao goberno da Xunta de Galicia a impartir na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira o Ciclo de Técnico superior en pesca, navegación e transporte marítimo.

*O concelleiro Ricardo Besada abandona o salón de plenos.*

### **6.3.- MOCION DO BNG PARA A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI DE REFORMA LOCAL DO GOBERNO DO PP NO ESTADO** ( RXE nº 2125, do 21/03/2013)

#### A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente pásalle a palabra á concelleira Adelina Ces Quintans que xustifica a urxencia no carácter desproporcionado das taxas establecidas e contrarias ao principio de igualdade e a súa incidencia.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor do total de 15 concelleiros dos 17 que legalmente constitúen a corporación, por tanto maioría absoluta.

#### B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A concelleira Adelina Ces Quintáns lee a proposta:

#### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Anteproxecto de Lei de racionalización e sustentabilidade na administración local, aprobado recentemente polo Goberno central, aborda unha fonda regulación do réxime local e pretende mudar de xeito substancial o papel dos concellos, cun maior impacto nos de menor tamaño, que son ampla maioría en Galiza.

A devandita proposta legal inspírase -segundo a súa propia exposición de motivos- na aplicación do principio de estabilidade orzamentaria, na versión regulada na reforma constitucional “exprés” pactada polo bipartidismo estatal, que implica un ríxido límite á actuación do sector público, ao situar a contención do gasto público por riba da atención ás necesidades sociais que deben atender as administracións na súa función de redistribuidoras da renda e da riqueza.

A intención prioritaria desta reforma do réxime local é reducir e adelgazar o ámbito de actuación dos concellos, cun recorte severo dos servizos que prestan, aínda que disfrazado do eufemismo “evitar duplicidades”. Non hai unha verdadeira intención diso, nin de racionalizar, pois quen sae reforzada nesta reforma é a institución provincial que é o ente máis prescindíbel do entramado institucional actual. Porén, introdúcense mecanismos que abocarán ao deterioro, e mesmo supresión, de prestacións e servizos públicos básicos polos concellos, afectando directamente á veciñanza, sobre todo ás persoas con menos recursos.

Ademais, esta reforma reforza o centralismo, pois deseña un réxime xurídico e organizativo homoxéneo á maioría dos concellos galegos cos do resto do Estado, a pesar das fondas diferenzas en canto ao modelo de asentamento e organización territorial. Desde o nacionalismo galego sempre se tivo unha visión crítica coa articulación legal e administrativa local, por ser allea á realidade de Galiza, tanto nas dinámicas sociais como pola tendencia á uniformación cos entes locais do resto do Estado, cando as realidades territoriais son diferentes. Agora péchase calquera posibilidade de que Galiza deseñe un mapa local acáido á súa realidade.

Alén desa limitación á capacidade de Galiza, aténtase contra a autonomía local, ao conter unha serie de mecanismos externos para avaliar a capacidade de organizar novos servizos locais ou de intervir en actividades económicas. En realidade trátase dun control político desde a administración central do Estado que busca evitar que se ensaien políticas alternativas desde os concellos. É unha limitación antidemocrática para os concellos que teñan vontade de exercer a través da iniciativa pública tanto o reforzo de servizos públicos como o estímulo de actividades económicas locais. Porén, para nada se fai unha referencia á limitación na privatización de servizos, nin sequera se reserva unha esfera mínima que debe estar blindada ao sector público e evitar con iso a súa transferencia ao sector privado.

A reforma consagra a máis absurda duplicidade do actual mapa institucional no Estado español, que é a persistencia das deputacións provinciais, que sairán reforzadas á hora de asumir servizos municipais, cando o máis lóxico sería afrontar a súa definitiva desaparición. O traslado ás deputacións de determinados servizos locais é un despropósito, pois non teñen ningunha base provincial, sendo totalmente artificial encomendar ás deputacións a súa prestación, e tendo en conta ademais que a atribución aos concellos da competencia sobre determinados servizos sempre se efectuou en función da operatividade das administracións locais para a prestación e cooperación naqueles que teñen unha clara base local.

En suma, estamos ante unha proposta que afondará na homoxeneidade e na capacidade da administración central de intervir na dinámica local, a fin de impor as políticas antisociais e de relegación do papel do sector público a todos os concellos, como continuidade ás reformas regresivas xa aprobadas e ao deterioro democrático.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

1. Instar ao Goberno do Estado a
  - a. Retirar o Anteproxecto de Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
  - b. Instar a unha reforma constitucional que suprima as deputacións provinciais.
  - c. Presentar un plan de financiamento dos concellos, que lles permita custear os servizos públicos locais.
  - d. Instar a unha reforma do réxime local que deixe en mans das Comunidades Autónomas un amplo marxe de regulación sobre a organización, as funcións e competencias das entidades locais, a fin de adaptar o mapa local á realidade de cada territorio co obxectivo de racionalizar o mapa institucional en coherencia cun aproveitamento e administración eficaz dos recursos públicos
2. Enviar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado, grupos parlamentares no Parlamento galego e Congreso, Senado, FEGAMP e FEMP.>>

A voceira do grupo municipal Partido Popular D<sup>a</sup> Vanesa Martínez Durán, estránase de que parece mentira que o BNG sexa o asinante desta moción xa que no seu apartado b di textualmente: “instar a unha reforma constitucional que suprima as deputacións provinciais.” O que é contradictorio totalmente co posto que vostede – o Alcalde- ocupa na Deputación. Se non esta de acordo, dille, como é que vostede se aproveita da renuncia de varios compañeiros seus para entrar neste organismo que a súa vez pretende abolir. Como sempre se predica unha cousa e se fai outra. Polo exposto, o PP de Rianxo vai votar en contra desta moción.

O Alcalde di que o PP votou en contra do capítulo I da Constitución sobre o Estado das Autonomías, e sen embargo goberna nelas. Que aínda que llo pareza o BNG non é un partido antisistema e ás veces incluso son máis coherentes que outros partidos.

O Voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlo Gey Hermo, resalta que o importante nesta moción é a defensa do municipalismo que é onde reside o poder local. A reforma xustifícase na sustentabilidade económica cara á reducir o déficit público, sen embargo, non son os concellos os máis endebedados, polo que non se acadara por esta vía nin está xustificada. A reforma traslada a responsabilidade última da prestación dos servizos ás Deputacións cantos todos sabemos que é imposible que

estas podan prestar os servizos que prestan os concellos. Realmente o problema está na financiación e nas competencias que son o verdadeiro cabalo de batalla no que hai que incidir. Ademais a lei faise de costas aos principais interesados: Federación de municipios estatal e galega, no noso caso. Débese instar ao goberno central a que os textos que afecten aos concellos sexan consensuados con estes.

A voceira do grupo municipal do BNG, D<sup>a</sup>. Adelina Ces Quintáns, di que xa está todo dito e súmase ás verbas do PSdeG-PSOE e a defensa da moción.

O voceiro do PSdeG-PSOE propon un engadido terceiro do seguinte tenor: “<<Que se inste ao Goberno central a que calquera texto de reforma da Administración Local sexa consensuado con esta e se teña en conta o proposto pola FEMP / Fegamp no relacionado coa nosa Comunidade Autónoma.>>

O Alcalde conclúe salientando o feito curioso de que o Presidente da Fegamp é un Alcalde do PP galego, o de Ferrol, que tamén pide que se revise o texto. Estima unha locura o reforzamento das deputacións que o único que fan é ser maquinas de privatizar. Comenta a experiencia que se tivo con operarios remitidos pola Deputación para reparar os vias municipais e ao final acabaron facendo outras funcións, habia mais capataces que operarios, etc. Espera que se retire este proxecto de lei e se faga fincapé no problema acuciante de España que é o sistema bancario. E afirma que no estado de crise e déficit publico non son os concellos os que mais gastan nin os mais debedores. Hai que ter en conta que en Galicia non hai tantos concellos por extensión como no resto de España, hai temos o caso do número en miles nas Castelas. A idea proposta e que os concellos paguen a financiación e xestión das Deputacións Provinciais, de modo que é “ o mundo do revés”.

Rematado o debate, procédese a **VOTACIÓN**, e con 10 votos a favor (os dos 6 membros do grupo municipal do BNG e os dos 5 membros do grupo municipal do PSDdeG-PSOE), e 4 votos en contra (dos 4 membros do PP) e cero abstencións, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos seguintes coa emenda no apartado 3º, sendo o texto definitivo o que se indica:

1. Instar ao Goberno do Estado a
  - a. Retirar o Anteproxecto de Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
  - b. Instar a unha reforma constitucional que suprima as deputacións provinciais.
  - c. Presentar un plan de financiamento dos concellos, que lles permita custear os servizos públicos locais.
  - d. Instar a unha reforma do réxime local que deixe en mans das Comunidades Autónomas un amplo marxe de regulación sobre a organización, as funcións e competencias das entidades locais, a fin de adaptar o mapa local á realidade de cada territorio co obxectivo de racionalizar o mapa institucional en coherencia cun aproveitamento e administración eficaz dos recursos públicos
2. Enviar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado, grupos parlamentares no Parlamento galego e Congreso, Senado, FEGAMP e FEMP.
3. Que se inste ao Goberno central a que calquera texto de reforma da Administración Local sexa consensuado con esta e se teña en conta o proposto pola FEMP / Fegamp no relacionado coa nosa Comunidade Autónoma.

#### **6.4.- MOCION DO BNG A PROL DA CULTURA GALEGA** (RXE nº 2127, do 21/03/2013).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente pásalle a palabra á concelleira Adelina Ces Quintans que xustifica a urxencia no carácter desproporcionado das taxas establecidas e contrarias ao principio de igualdade e a súa incidencia.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor total de 15 concelleiros dos 17 que legalmente constitúen a corporación, por tanto maioría absoluta.

## B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A concelleira Adelina Ces Quintáns lee a proposta:

### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cultura galega pasa por un momento de especial dificultade. A crise está afectando ao desenvolvemento dos diferentes sectores culturais que atravesan un momento crítico. Os últimos informes de organismos oficiais testemuñan a realidade desta afirmación. Así, o Consello da Cultura Galega (CCG) en relación coas artes escénicas, por exemplo, afirma que entre 2009 e 2011 perdéronse mil funcións de teatro. Unha situación que o CCG cualifica como dramática, ao tempo que alerta da precariedade como síntoma definitorio da situación actual. E as asociacións representativas dos diferentes sectores levan tempo alertando desta realidade e reclamando cambios na orientación da política cultural da Xunta de Galiza

Mais debemos retrotraernos ao ano 2009 cando, o goberno do PP na Xunta de Galiza, iniciou un claro proceso de desmantelamento da cultura galega. Situación que se agudizou nestes últimos meses coa parálise nas redes de programación da Xunta, da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), sen xerencia desde outubro, e co nomeamento este mesmo mes de marzo, duha persoa sen experiencia, procedente da empresa privada, concretamente do sector da construción, sen que tal nomeamento fose previamente consensuado, con recortes brutais no apoio público á cultura galega e cunha ausencia total de diálogo co sector, cun menosprezo patente no xeito de tratar aos nosos creadores e creadoras. O feito é de que a crise está sendo a coartada perfecta para levar adiante un programa de desmantelamento do noso sistema cultural.

Unha estratexia do PP que entronca cos ataques á nosa lingua e a todo o que nos identifica e define como un pobo con cultura propia. As consecuencias son visíbeis: paro, precariedade e emigración, para os nosos creadores e creadoras; empobrecemento da vida cultural galega e unha limitación do acceso á cultura para milleiros de cidadáns e cidadás. Mentres o goberno do PP na Xunta de Galiza teima en destinar miles de millóns de euros a manter os edificios da Cidade da Cultura; malbaratando fondos públicos nun acto irresponsábel que o pobo galego paga caro.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

### ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galiza a:
  - Iniciar con urxencia un proceso de diálogo cos diferentes sectores e asociacións representativas da cultura galega, para consensuar medidas e actuacións en materia de política cultural.
  - Convocar no ano 2013 un programa, en colaboración cos concellos galegos, que promova a contratación de espectáculos de teatro, danza, narración oral, novo circo, maxia e concertos de música producidos na Galiza co obxectivo de promover a distribución de produtos culturais galegos e espallar a cultura entre os cidadáns e as cidadás galegos.
  - Rebaixar o orzamento adicado á Cidade da Cultura, destinando estes recursos á axudas aos diferentes sectores da cultura galega e á realización de actividades e difusión das producións culturais galegas no conxunto das aldeas, vilas e cidades galegas.
  - Estabelecemento dun programa de bono-cultura, que subvencione a adquisición de produtos culturais producidos en Galiza nos seus diferentes soportes, coa finalidade de reactivar a compra de produtos artísticos e culturais.
2. Impulsar dende o Concello a presenza de propostas culturais galegas nas festas populares, vinculando as subvencións outorgadas con cargo aos orzamentos municipais á contratación de creadores, creadoras e artistas galegos.>>

A voceira do grupo municipal Partido Popular D<sup>a</sup> Vanesa Martínez Duran, adianta que van votar en contra da moción.

O Voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlo Gey Hermo, di que o problema do PP é que non ve a cultura galega como un estandarte que serve para crear emprego cando, sen emebargo, representa o 2% do PIB en Galicia. Así obsérvase esa idea na redución da partida orzamentaria autonómica para cultura que é superior á media das rebaixadas noutras consellerías. A isto pódese engadir a eliminación das axudas de promoción cultural no exterior ou ás axudas para traducións.

No tocante á moción formula unha emenda cos seguintes engadidos:

- a) apoio da Administración para o impulso da realización de eventos que fomenten a venda-promoción de produtos culturais galegos: literatura, música, artes visuais, artesanía, etc.
- b) Acadar un acordo co IGAPE para profesionalizar a nosa cultura.
- c) Elaborar un plan estratéxico para a comercialización e impulso destes produtos culturais galegos no ámbito internacional.

Con respecto ao resto dos puntos estima complicado a elaboración do programa para o 2013 ás datas as que estamos, e en canto ao abono-cultura di que o realmente decisivo sería que a Xunta de Galicia colabore nestes eventos para funcionar como alleccionadora da industria cultural.

O Alcalde quere ademais sinalar que do punto 2<sup>o</sup> da moción substituiría o de “vinculado ás subvencións outorgadas con cargo aos orzamentos municipais...” polo seguinte: “...fomentando a contratación de...”. Ademais comenta que hai proxectos que desaparecen, poñendo como exemplo a rede de teatros, e todo para centrarse o gasto autonómico na Cidade da Cultura.

A concelleira do grupo municipal do BNG, D<sup>a</sup>. Hadriana Ordoñez Otero, solicita a palabra como concelleira da área para engadir que con independencia das mocións traidas quería saber se hai apoio para saber, adiantándose en 3 anos, se haberá concellería de cultura. Tamén quería dicir que era bo un código de conduta para os membros do pleno que seguisen evitando actitudes inaxeitadas neste órgano dirixíndose a varios membros do PP.

As concelleiras do PP, Vanesa Martínez Duran e M<sup>a</sup> de las Nieves Vicente Varela recrimínanlle á concelleira de cultura que sexa precisamente ela quen o pide cando é a que menos indicada xa que varias veces ten faltado a ese respecto.

Rematado o debate, procédese a **VOTACIÓN** e con 11 votos a favor (os dos 6 membros do grupo municipal do BNG e os dos 5 membros do grupo municipal do PSDdeG-PSOE), e 4 votos en contra (dos 4 membros do PP) e cero abstencións, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos seguintes:

1. Instar á Xunta de Galiza a
  - Iniciar con urxencia un proceso de diálogo cos diferentes sectores e asociacións representativas da cultura galega, para consensuar medidas e actuacións en materia de política cultural.
  - Convocar no ano 2013 un programa, en colaboración cos concellos galegos, que promova a contratación de espectáculos de teatro, danza, narración oral, novo circo, maxia e concertos de música producidos na Galiza co obxectivo de promover a distribución de produtos culturais galegos e espallar a cultura entre os cidadáns e as cidadás galegos.

- Rebaixar o orzamento adicado á Cidade da Cultura, destinando estes recursos á axudas aos diferentes sectores da cultura galega e á realización de actividades e difusión das producións culturais galegas no conxunto das aldeas, vilas e cidades galegas.
  - Estabelecemento dun programa de bono-cultura, que subvencione a adquisición de produtos culturais producidos en Galiza nos seus diferentes soportes, coa finalidade de reactivar a compra de produtos artísticos e culturais.
2. Impulsar dende o Concello a presenza de propostas culturais galegas nas festas populares, vinculando as subvencións outorgadas con cargo aos orzamentos municipais á contratación de creadores, creadoras e artistas galegos
  3. apoio da Administración para o impulso da realización de eventos que fomenten a venda-promoción de produtos culturais galegos: literatura, música, artes visuais, artesanía, etc.
  4. Acadar un acordo co IGAPE para profesionalizar a nosa cultura.
  5. Elaborar un plan estratéxico para a comercialización e impulso destes produtos culturais galegos no ámbito internacional.

## **7. ROGOS E PREGUNTAS**

Vanesa Martínez Durán formula os seguintes:

**P.1.** Se se sabe cantos veciños hai afectados polas preferentes e cantos xa cobraron e optaron pola arbitrase.

**R.1.** Prega que a Alcaldía responda ao escrito presentado o 11/01/2013 no que solicitaban un local para o grupo municipal do PP.

RESPOSTAS:

**P.1.** Preferentes:

O Alcalde di que solicitaron arbitrase 178 persoas e 40 xa están resoltos. Di que mañá vanse reunir os Alcaldes coa Delegada Territorial coa intención de que non quede ahí, e incluso esperando a participación doutras instancias.

Engade que o Concello de Rianxo ten unha porcentaxe de 25% resolto e noutros concellos anda por ahí agás o de Boiro que acada o 40%, e vai preguntar por qué.

O 1º Tenente de Alcalde suma ao dito que están a chegar novas solicitudes de afectados polas preferentes.

**R.1.** Local grupos:

Adolfo dílle que ao pouco de entrar ensinoulles un local na entrada de abaixo da Casa Consistorial e non contestaron nada.

A voceira do PP di que non llo ensinou a elas.

O Alcalde insiste en que sí e que agora xa está ocupado, trasladadas outras dependencias, pero que poden votar unha man para que se restaure outro edificio municipal con axudas da Xunta de Galicia.

A voceira do PP afirma de novo que non llo ensinou a elas.



O Alcalde di que ademais o local non ten porque ser para uso exclusivo dun grupo, sería para todos os grupos. E volve dicirlles que tiveron ocasión, que se pronunciaran antes. Agora, di, non hai locais libres, e a lei está cumprida pois di “ se é posible”. E remata dicindo que se a Consellería de Presidencia financia o arranxo do local do arquivo este podería ser o local.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:32 minutos, de orde da Presidencia, ábrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21:43 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

**O Alcalde**

**A Secretaria**

**Adolfo F. Muíños Sánchez**

**Carolina Costoya Pardo**